

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 15

ano 2

marzo-abril 2008

I CENTENARIO DA MORTE DE CURROS ENRÍQUEZ (1908-2008)

Hai cen anos -o día 2 de abril de 1908- que o poeta celanovés Manuel Curros Enríquez era soterrado no cemiterio de San Amaro da Coruña despois de sucar por derradeira vez o Atlántico e reencontrarse definitivamente coa súa terra. Morrera case un mes antes, o día 7 de marzo, na **cidade da Habana**.

Curros, xunto con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, representa a un dos máximos expoñentes do **“Rexurdimento”** e foi en vida o poeta galego máis admirado e coñecido do seu tempo, ata o punto de que moitas das súas creacións transcenderon do ámbito culto e gozaron de grande éxito popular, tanto na súa época como durante todo o século XX.

Republicano e anticlerical, amante do progreso, loitador contra todo tipo de inxustiza, o seu forte carácter e **firmes conviccións** procuráronlle moitas inimizadas, sobre todo entre os poderes establecidos, e ocasionáronlle moitos desgustos ao longo da súa vida.

O documento deste número de *Fron da* é un manuscrito autógrafo de Curros conservado no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu) e trátase dun poema en lingua castelá escrito a lapis sobre un prego de papel no que poden observarse algunhas correccións do propio autor. Foi publicado por primeira vez en 1979 por Carlos Casares baixo o título “Pequeñas nulidades”:


*Pequeñas nulidades de mi patria,
Tan rica en pequeñeces,
Estremeceos de placer: el Arte
A visitaros viene.*

...

*Críticos venenosos, no á estos tipos
Disputeis los laureles:
Tristes y oscuros como son, son ellos
Nuestras glorias presentes*

Ayer Pedro Padrón, María Pita,

*Macias... ¡poetas, héroes!
Hoy, ni valor, ni ingenio, ni virtudes:
Idiotas solamente.*



S. a. S. I.
Manuscrito do poema “Pequeñas nulidades”.
Orixinal; papel; castelán; 220 x 320 mm; 1 fol.
AHPOu, Manuel Curros Enríquez, C. 9548.

Poeta do Rexurdimento

Na Galicia do século XIX e no contexto da progresiva vertebración do pensamento galeguista, a **lingua galega** foi recuperada como instrumento de expresión escrita, despois de que no noroeste peninsular quedara practicamente reducida a vehículo de comunicación oral desde o século XV. Na segunda metade do XIX, durante a etapa da historia da literatura galega coñecida como o **“Rexurdimento”**, diversos intelectuais comprometéronse na tarefa de **dignificación do galego**, daquela unha lingua mal considerada socialmente por xulgarse como propia de xente rústica e só apta para a comunicación informal ou para creacións folclóricas. Así, cultivaron a súa presenza, oral ou escrita, en distintos ámbitos públicos para demostrar que era homologable a calquera outra lingua moderna.

Curros implicouse con entusiasmo neste proxecto, se ben seguiu utilizando o castelán en parte da súa obra poética -como ocorre no poema que publicamos neste número de *Fronda-* e na práctica totalidade dos seus textos en prosa: artigos xornalísticos, novela e teatro.

Se ben na súa obra poden atoparse algunhas creacións costumistas, como o poema *A Virxe do Cristal* (1877), e outras de carácter intimista, o que máis caracteriza á poesía de Curros é a súa forte **carga social e reivindicativa** que pode inscribirse dentro da corrente realista do XIX. Nela reflíctese, con crueza, acidez e retransa a gran sensibilidade do autor perante as inxustizas sociais.

Excomuñón e condena en Ourense


Curros nacera en **Celanova** en 1851 e viviu nesta vila ata os quince anos, idade na que se trasladou a Madrid. Alí remata o Bacharelato, inicia estudos de Dereito e comeza a súa **actividade xornalística**, ocupación da que vivirá a maior parte da súa vida.

En 1877 gañou un certame poético convocado en **Ourense** cos poemas *A virxe do Cristal*, *O gueiteiro* e *Unha boda en Einobó*, a raíz do cal establece a súa residencia nesta cidade en 1878.

Atopábase ben integrado na elite culta da cidade, cun emprego na Delegación de Facenda e colaborando na prensa local, ata que o bispo de Ourense, Cesáreo Rodrigo, ditou contra el sentenza de **excomuñón** por considerar atentatorios contra a relixión católica algúns dos contidos do poemario *Aires da miña terra* (1880). A consecuencia disto, a Audiencia Provincial condenouno en 1880 a dous anos de prisión e multa de 250 pesetas por atentado contra a liberdade de cultos.

O escándalo que causou esta inxusta persecu-

ción favoreceu, indirectamente, a súa **sona literaria** pero, maila que foi finalmente absolto pola Audiencia Territorial da Coruña, supuxo un **golpe persoal** que lle fixo incómoda a vida en Ourense. En 1883 volveu a Madrid, onde compaxinou un emprego no concello co exercicio do xornalismo. No poema satírico *O Divino Sainete* (1888) axusta contas cos que tanto dano lle fixeran.



Sinatura de Curros Enríquez ao final do poema "Pequeñas nulidades"

Fuxida a Cuba

En 1894 decidiu emigrar a América como fuxida do estado de **desengano vital** no que se atopaba por distintas razóns persoais e profesionais.

Acollido con agarimo pola colonia galega de Cuba, integrouse nela con rapidez e fundou *La Tierra Gallega*, publicación bilingüe coa que defendeu os intereses galegos a través dun **xornalismo combativo** de corte rexionalista. Este carácter loitador contra toda inxustiza enfrontouno cunha parte da colonia galega -xa dividida antes da súa chegada - e fixo molesta esta publicación tanto para parte dos galegos como para as autoridades da illa. Viuse forzada ao peche en novembro de 1896.

A etapa cubana de Curros é a de maior **compromiso coa súa terra**: recada apoio económico para a publicación da *Historia de Galicia* de Murguía, implícase na fundación da Real Academia Galega e ideoloxicamente aproximase ao **movemento rexionalista**.

Na visita que realiza a Galicia en 1904 reenóntrase con distintos amigos e na Coruña tribútaselle unha multitudinaria **homenaxe**. Faleceu catro anos máis tarde na Habana aos 52 anos de idade. O seu enterro na Coruña foi unha manifestación popular sen precedentes.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es